

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

Acordo da Mesa do Parlamento, do 23 de outubro de 2017, de apertura do prazo para a presentación de emendas ao articulado á Proposición de lei de iniciativa legislativa popular de corresponsabilidade parental e de relacións familiares no cesamento da convivencia (doc. núm. 339, 10/PPLI-000001)

A Mesa do Parlamento, na reunión do día 23 de outubro de 2017, tomou coñecemento do acordo de toma en consideración polo Pleno da Proposición de lei de iniciativa legislativa popular de corresponsabilidade parental e de relacións familiares no cesamento da convivencia (doc. núm. 339, 10/PPLI-000001), e adoptou o seguinte acordo:

1º. Abrir o prazo de presentación de emendas ao articulado á Proposición de lei de iniciativa legislativa popular de corresponsabilidade parental e de relacións familiares no cesamento da convivencia, que contará desde a publicación deste acordo e que concluirá o día 11 de novembro de 2017, ás 13.00 horas.

2º. Propoñer á Xunta de Portavoces a súa asignación á Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.

3º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* do día 24 de outubro de 2017.

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2017

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 23 de outubro de 2017, adoptou os seguintes acordos:

Admisión a trámite

- 19219 (10/MOC-000052)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas incidencias detectadas no inicio do curso escolar 2017-2018. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 16633, publicada no BOPG nº 182, do 27.09.2017, e debatida na sesión plenaria do 17.10.2017)